

DE HUMANI CORPORIS FABRICA

Lucien Castaing-Taylor e Verena Paravel, 2022

1112

ESTREA EN NUMAX: 26.05.2023 | V.O.S.E. | 115 min

Hai cinco séculos, o anatomista Andrés Vesalio abriu o corpo humano á ciencia por primeira vez na historia. Hoxe, De Humani Corporis Fabrica abre o corpo humano ao cinema. Revela que a carne humana á unha paisaxe extraordinaria que só existe a través da mirada e a atención dos demais. Como lugares de coidado, sufrimento e esperanza, os hospitais son laboratorios que conectan todos os corpos do mundo.

«Un filme que o ten todo: tristeza e humor, morte e nacemento, camaradería e frialdade»

Ben Kenigsberg, ROGEREBERT.COM



A contrapartida é salvarlle a vida a alguén

Por David Katz

Lucien Castaing-Taylor e Véréna Paravel son únicos no mundo da non ficción actual por abordar o seu traballo non como meros documentalistas, senón tamén como antropólogos. É dicir, como estudantes das culturas humanas e da súa evolución no tempo. *De humani corporis fabrica*, con todo o que ten de desacougante, servirá de rexistro de como as sociedades avanzadas tratan as doenzas médicas complexas a estas alturas do século XXI. A través disto, vén á mente outro pensamento: o que se amosa aquí parecerá primitivo dentro de moitas décadas?

Os primeiros meses da formación na escola de medicina supoñen visitas ao hospital como seminarios “ao vivo”, nos que os futuros médicos poden reunirse en torno aos equipos, a maquinaria e os tecidos ensanguentados, e facer preguntas (ou tal vez bromas: os médicos teñen un infame sentido do humor). O proceso tamén pode ser de desensibilización, na que a exposición aos órganos extraídos e postos ao revés xa non debería elevar a presión sanguínea do propio profesional médico. *De humani corporis fabrica* é un filme cuxa forma de chegar ao extremo provocou un montón de abandonos na súa primeira proxección, Nel, os obxectos que se sinalan perden o seu significado, déixannos somerxer en vistas endoscópicas que amosan o noso interior como lugares expresionistas de cores vivas.

Cando as obras máis extremas do xénero de terror só poden amosar gore simulado, isto é o auténtico, amosado con desinterese académico e frialdade polos realizadores. Tras un breve prólogo, unha intro, na que se segue un garda de seguridade que patrulla o aparcamento subterráneo do hospital, aparece unha imaxe que amosa o cranio dun home que está sendo preparado para unha neurocirurxía, cun buraco perforado no periostio para que un fino instrumento vertical e unha cámara endoscópica o atravesen. O dúo de directores recibiu moitas acusacións de mal gusto polo seu repugnante, aínda que ás veces perspicaz, retrato dun caníbal en *Caniba* (2017), e este malestar volve aparecer, aínda que as súas provocacións, xustificadas para eles, polo pensamento de vangarda no seu ámbito das ciencias sociais, son sempre deliberativas. E o aspecto positivo, o humanista, deste filme maniféstase cando nos damos conta de que este procedemento foi un éxito, de que a contrapartida desta dor física e desta indignidade á salvación da vida de alguén.

Xunto coas voces en off dos médicos, que conversan sobre cousas mundanas, fan algún que outro chiste negro e ás veces quéixanse dos horarios e as condicións de traballo estresantes, viaxamos cos cineastas da cabeza ao pés: unha cirurxía ocular interna, un exame de cancro que implica unha biopsia dun peito completo, unha prostatectomía e un procedemento no que o instrumento que parece un alisador de pelo en, “unha configuración de Kalashnikov”, recubre o pene e logo sacúdeo de forma agresiva.

Este filme é un verdadeiro logro, é unha das anatomías visuais máis detalladas, complementada polo movemento e o son.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Leviathan,
Lucien Castaing-Taylor e
Verena Paravel.
Norte [DVD]

El libro de la medicina,
AA. VV.
Akal, 2021

Anatomía,
Hélène Druvert.
Maeva, 2017